

PLAN XERAL

DE

ATENCIÓN Á

DIVERSIDADE

C.P.I. PECALAMA (TORDOIA)

ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN.**
 - 2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.**
 - 3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES.**
 - 4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.**
 - 5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**
 - 5.1 Medidas Ordinarias:**
 - 5.2. Medidas extraordinarias**
 - 5.3. CONCRECIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PARA O NOSO CENTRO.**
 - 6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.**
 - 6.1. O equipo directivo:**
 - 6.2. Comisión de coordinación pedagóxica:**
 - 6.3. Claustro**
 - 6.4. Consello Escolar**
 - 6.5. Equipos de ciclo e Departamentos didácticos. Profesorado.**
 - 6.6. Profesoras de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.**
 - 6.7. Departamento de Orientación.**
 - 7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.**
 - 8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES OU TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.**
 - 9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.**
 - 10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.**
- ANEXO**

1. INTRODUCCIÓN:

A diversidade é unha característica intrínseca a todas as persoas; cada alumno posúe peculiaridades e necesidades educativas que necesitan dunha determinada atención pedagóxica, tamén temos que ter en conta a singularidade de cada familia, de cada profesor que imparte clase, as características de cada centro e da comunidade educativa no seu conxunto. En función de todo isto debemos dar resposta educativa a esa diversidade.

O Plan de Atención á diversidade do CPI Pecalama recolle o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o noso alumnado. Abrangue dende a prevención ata a intervención directa. Segue o principio de normalización, favorecendo a integración escolar e a inclusión social, inclúese no currículo e na organización xeral do colexio e baséase na reflexión conxunta do profesorado e a colaboración coas familias.

Asumimos os principios e fins do sistema educativo que sinala a LOE (Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coas modificacións introducidas pola L.O. 3/2020) especialmente o principio de calidade das educación para todo o alumnado, a equidade, a inclusión educativa e a atención á diversidade como principio fundamental que debe rexer toda a educación básica, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación axeitada ás súas características e necesidades. A elaboración do PAD realízase de acordo ás disposicións legais vixentes, especialmente o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

O CPI Pecalama atópase situado no lugar de Pontepedra , parroquia de Cabaleiros , Concello de Tordoia .

Tordoia atópase nunha zona rural interior da provincia de A Coruña , sendo a gandería o principal medio de vida.

O nivel económico da zona pódese considerar medio.

O noso colexio está situado a 17 Km. do Instituto N^o1 de Ordes, centro ao que estamos adscritos.

As ensinanzas que se imparten no noso centro son as de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. Atendemos polo tanto a alumnos de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade conformado tres etapas diferentes:

- 2 unidades de Educación Infantil (2^ociclo)
- 6 unidades de Educación Primaria (de 1^o a 6^o)
- 4 unidades de Educación Secundaria Obrigatoria .(1^o, 2^o, 3^o, 4^o).

Non temos ningún centro adscrito, todo o noso alumnado procede do noso propio centro.

O horario en que se imparten as clases é de xornada partida: de 9:30 a 13:10 h pola mañá e de 14:45 a 16:30h pola tarde para Educación Infantil e Primaria e de 9:35 a 14:05h pola mañá e 14:50 a 16:30 h pola tarde para Educación Secundaria Obrigatoria. Durante a xornada de mañá hai un recreo de 30 minutos para Educación Infantil e Primaria e de 20 para Educación Secundaria Obrigatoria. Todos os alumnos de Educación Infantil e Primaria teñen libre a tarde dos venres e cada curso de ESO unha libre á semana. Esta aínda que é libre, é de permanencia para os alumnos debido a que practicamente a totalidade do alumnado do centro ven en transporte escolar. Todos os alumnos usan o servizo de comedor.

O centro está composto por 2 mestras titoras de Educación Infantil , 6 mestres titores de Educación Primaria, 1 mestra especialista en Música, 1 mestre especialista en Lingua Estranxeira (Inglés), 1 mestre especialista en Educación Física e outro en Relixión. En Educación Secundaria contamos cun total de 16 profesores das seguintes materias (Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, 3 en Matemáticas, Ciencias Sociais, xeografía e Historia,

Ciencias da Natureza, Lingua Estranxeira (Inglés e Francés), Tecnoloxía, Educación Física, Música e unha profesora de Relixión itinerante. Como especialistas directamente relacionados co Departamento de Orientación conta con dúas profesoras de Pedagogía Terapéutica (unha para E.Primaria e outra para E.S.O.) , unha especialista en Audición e Linguaxe (E. Primaria) e a Orientadora .

O número de alumnos do colexio acércase aos 200, repartidos de maneira bastante homoxénea entre as unidades existentes.

Actualmente no centro non temos escolarizados alumnos con importantes necesidades educativas, pero si hai alumnos que necesitan reforzo educativo ou certa atención especial. Estes son atendidos polas profesoras especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe tanto dentro como fóra da aula ordinaria.

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

A partir do apartado anterior podemos deducir que o noso centro presenta unha serie de carencias e necesidades, ás cales se lles debe dar resposta para unha mellora da calidade educativa.

- **Necesidades do contexto**
 - Lograr unha maior inmersión por parte dos pais no contexto escolar dos seus fillos e manter con eles unha comunicación directa e continua.
- **Necesidades do centro**
 - Elaborar e adaptar material didáctico apropiado para os alumnos con n.e.a.e.
 - Necesidade de concienciar e informar ao profesorado e aos pais das medidas de atención á diversidade, para poder establecer con eles unha colaboración eficaz das nosas propostas educativas.
 - Elaborar e poñer en marcha un programa de estimulación lingüística na etapa de educación infantil.

- **Necesidades do alumnado**

- Necesidade de establecer un protocolo de detección temperá para evitar as intervencións tardías.
- Necesidade de atender as necesidades específicas de apoio educativo (neae) que se dean no centro e que, segundo a LOE, poderíamos clasificar da seguinte forma:

Poderemos atopar alumnos con:

- Necesidades educativas especiais: “Aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

Neste apartado podemos considerar aos alumnos con:

- Discapacidades visuais, auditivas, motóricas e/ou cognitivas.
- Trastornos de conduta graves (trastornos do desenvolvemento, etc.)
- Incorporación tardía: Inmigrantes recentemente chegados a España con desfase curricular e lingüístico.
- Alumnos con altas capacidades.
- Condicións de historia escolar e persoal adversas: alumnos con desvantaxe social, enfermos, hospitalizados, carencias socioculturais, desfase curricular significativo...
- Dificultades específicas de aprendizaxe: Trastornos de linguaxe, faltas de atención significativas...
- Alumnado con baixa motivación e escaso interese nos aspectos académicos.

4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

Como **obxectivo xeral** indicar o seguinte:

Dar unha resposta educativa axeitada a todos os nosos alumnos, independentemente das súas necesidades, asegurando un bo desenvolvemento global que lles permita proseguir a súa formación así como unha vida persoal e social axeitada.

Para acadar este obxectivo debemos facer fincapé na atención á diversidade traballando principalmente en relación a :

O alumnado:

1. Contribuír á educación integral do alumnado, favorecendo a educación individualizada.
2. Axustar a resposta educativa ás necesidades do alumnado, mediante as correspondentes medidas educativas de atención á diversidade.
3. Contribuír á detección temperá de dificultades de aprendizaxe no alumnado e adoptar as medidas educativas máis axeitadas en cada caso.
4. Favorecer o máximo desenvolvemento das capacidades persoais, adquisición de competencias básicas e dos obxectivos do currículo para todo o alumnado, respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe de cada un.

O profesorado:

1. Potenciar a coordinación das liñas de actuación das diferentes persoas que interveñen no proceso educativo de cada alumno/a.
2. Colaborar co profesorado na elaboración de propostas relativas á atención á diversidade para mellorar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.
3. Concienciar ao profesorado da necesidade de atender á diversidade do alumnado dende a dinámica do grupo clase.
4. Colaborar na detección de necesidades entre o alumnado.

As familias:

1. Crear un clima de cooperación entre o centro e a familia para favorecer o desenvolvemento do alumnado e promover o intercambio de información en ambos sentidos.
2. Asesorar ás familias sobre pautas educativas e recursos sociais, sanitarios, etc.

5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Para acadar os obxectivos propostos imos ter en conta dous tipos de medidas que favorecen á diversidade:

- **Medidas ordinarias** que son aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

- **Medidas extraordinarias** que son aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

A continuación pasamos a enumerar estas medidas.

5.1 Medidas Ordinarias:

MEDIDAS	NORMATIVA	DESTINATARIOS
Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.	LOE, Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola L.O. 3/2020 Decreto 156/2022, que desenvolve o currículo da ESO Decreto 155/22, que desenvolve o currículo da Educación Primaria Decreto 150/2022, que desenvolve o currículo na Educación Infantil Decreto 229/2011, de atención á diversidade	Educación Infantil Educación Primaria Educación Secundaria Obrigatoria

Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	LOE, Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (L.O.3/2020) Decreto 229/2011, e o seu desenvolvemento na Orde do 8 de setembro de 2021 (Art.35)	Educación Infantil Educación Primaria ESO
Materias optativas	Decreto 156/22, que desenvolve o currículo da ESO na C.A. de Galicia. Resolución de 26 de maio de 2022, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato para o curso 2022/23	3º e 4º ESO
Materias opcionais	Decreto 156/22, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.	4º ESO
Acción titorial	LOE, Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (L.O.3/2020) Decreto 150/2022 (EI), 155/2022 (EP) e 156/2022 (ESO)	Educación Infantil Educación Primaria Educación Secundaria Obrigatoria

Plan de reforzo no caso de permanencia dun ano máis nun ciclo ou curso.	Decreto 155/2022 Decreto 156/2022 Orde do 8 de setembro de 2021, art. 50 (EP), art. 52 (ESO)	Educación Primaria Educación Secundaria Obrigatoria
Desdobramentos de grupos	Decreto 229/2011 Decreto 156/22 Decreto 155/22	Educación Primaria Educación Secundaria Obrigatoria
Reforzo educativo	Decreto 229/2011 Orde do 8 de setembro de 2021 (Art. 48)	Educación Primaria Educación Secundaria Obrigatoria
Programas de enriquecemento curricular	Orde do 8 de setembro de 2021 Decreto 156/22 Decreto 155/22	EI EP ESO

Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas	Decreto 156/22, art. 12.2)	Alumnado de 1º e 2º de ESO.
Exención de 2ª Lingua Estranxeira na ESO	Resolución de 26 de maio de 2022 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do curso 2022/23 (art. 11) Decreto 156/22 (art. 21)	Alumnado de 1º e 2º de ESO
Plan de reforzo para alumnado da ESO con materias sen superar	Orde do 8 de setembro de 2021 (art.51)	Alumnado de 2º curso de ESO
Programas específicos personalizados	Orde do 8 de setembro de 2021 (art.52)	Alumnado repetidor de 1º, 2º, 3º e 4º curso de ESO.
Programas de habilidades sociais	Orde do 8 de setembro de 2021 (art.53)	Educación Infantil Educación Primaria Educación Secundaria Obrigatoria

5.2. Medidas extraordinarias

MEDIDA	NORMATIVA	DESTINATARIOS
Adaptacións curriculares	Orde do 8 de setembro de 2021, art. 41	EI EP ESO

Agrupamentos flexibles	Orde do 8 de setembro de 2021 (art.56) Decreto 155/22 (EP) Decreto 156/22 (ESO)	EP ESO
Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.	Orde do 8 de setembro de 2021 (art.57)	EI EP ESO
Flexibilización da duración do período de escolarización.	Orde do 8 de setembro de 2021 (art.58) Decreto 155/22 (art. 20.6) Decreto 156/22 (art. 21.6)	EI EP ESO
Programas de diversificación Curricular	Decreto 156/22 (art. 22) Orde do 8 de setembro de 2021 (art. 61)	3º e 4º ESO
Ciclos profesionais de Grao Básico	Decreto 156/22, art. 23 Decreto 107/2014, que regula aspectos específicos da formación profesional básica. Orde do 13 de Xullo de 2015 Resolución do 22 de Xuño de 2022, pola que se ditan instrucións para a FP en Galicia	Alumnado de 15 a 21 anos que non obtivese o título de Graduado en Educación Secundaria.

Atención educativa ao alumnado que non asiste continuadamente ao centro educativo.	Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade... Orde do 8 de setembro de 2021 (art. 62)	EP ESO
Grupos de adquisición das linguas	Orde do 8 de setembro de 2021 (art. 67)	EI EP ESO
Grupos de adaptación da competencia curricular.	Orde do 8 de setembro de 2021 (art. 69)	EP ESO

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do Departamento de Orientación.

5.3. CONCRECIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PARA O NOSO CENTRO.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS:

Cada profesor, a partir das Programacións Didácticas recollidas no Proxecto Curricular de Centro, elaborará a súa Programación de aula. Esta estará adaptada a cada grupo de alumnos en particular, polo que toda programación deberá considerar estratexias de carácter ordinario que lle permitan ao profesorado atender á diversidade de alumnado. As máis importantes son as que a continuación se relacionan:

- Valoración como punto de partida para marcar obxectivos a conseguir.
- Partir das capacidades reais do alumnado.

- Aprendizaxe contextualizada e significativa.
- Establecer secuencias de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns .
- Pluralidade de estratexias metodolóxicas.
- Diferentes recursos didácticos.
- Diseñar actividades de ensinanza- aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.
- Establecer diferentes formas de agrupamento dentro da clase.
- Considerar diferentes tempos de realización das actividades en función dos distintos ritmos de aprendizaxe .
- Aplicar criterios de avaliación que contemplan diferentes graos de logro.
- ...

ACCIÓN TITORIAL :

No marco da acción titorial, como parte esencial da función docente, o profesorado titor deberá desenvolver accións para coñecer a cada alumno/a, identificar as dificultades que poidan existir no seu proceso de aprendizaxe, prever e seguir, se é o caso, as adaptacións curriculares, considerar o tipo de agrupamento adecuado, facilitar a integración dos alumnos/as co seu grupo clase e no centro,... . O desenvolvemento da acción titorial aborda os seguintes aspectos :

- O coñecemento e seguimento persoal do alumnado
- A relación co grupo – clase
- A relación coas familias
- A relación co equipo docente .

En Educación Infantil e Primaria procurarase programar no horario semanal do seu grupo de alumnos /as algún tempo específico para a titoría , ligando os contidos da titoría ás diferentes áreas en función da temática que se aborde .

En Educación Secundaria na hora lectiva dedicada á titoría desenvolveranse os contidos do PAT e do POAP , previamente elaborados . Para isto terá lugar a coordinación entre os titores e a orientadora .

OPTATIVIDADE NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA :

As materias optativas son propostas educativas que pretenden responder aos intereses e modos de aprender dos alumnos e alumnas . Están concibidas para contribuír á consecución das capacidades básicas que promoven os obxectivos xerais desde diferentes campos do saber e da práctica. A súa combinación coas áreas obrigatorias da ESO dá lugar a diferentes itinerarios formativos e posibilita a elección do alumnado en función dos seus intereses , motivacións e preferencias . Para isto no PAT contemplanse actividades de autoconñecemento e de toma de decisións para que os alumnos/as poidan elixir responsablemente de entre a oferta de itinerarios formativos do centro , aquel quemellor responda ás súas necesidades , posibilidades e intereses. O Departamento de Orientación será un elemento de apoio neste ámbito , tanto pola participación no PAT , como polas vías de información e asesoramento a tódolos alumnos/asdo centro .

A oferta de materias optativas para o segundo ciclo da E.S.O. é a seguinte:

a) **3º CURSO** :(a elixir unha)

ELEXIR UNHA:

- Matemáticas académicas (4h)
- Matemáticas aplicadas (4h)
- Segunda Lingua Estranxeira (francés)

ELEXIR UNHA:

- Cultura clásica (2h)
- Francés (2h)

ELEXIR UNHA:

- Relixión (1h)
- Valores éticos (1h) Física e Química

b) 4º CURSO:

Elixir unha das dúas opcións:	
<input type="checkbox"/> OPCIÓN DE ENSINANZAS ACADÉMICAS	<input type="checkbox"/> OPCIÓN DE ENSINANZAS APLICADAS
<input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura (3h) <input type="checkbox"/> Lingua Galega e Literatura (3h) <input type="checkbox"/> Primeira lingua estranxeira-inglés (3h) <input type="checkbox"/> Xeografía e Historia (3h) <input type="checkbox"/> Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas (4h) <input type="checkbox"/> Educación Física (2h) <input type="checkbox"/> Tutoría (1h)	<input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura (3h) <input type="checkbox"/> Lingua Galega e Literatura (3h) <input type="checkbox"/> Primeira lingua estranxeira-inglés (3h) <input type="checkbox"/> Xeografía e Historia (3h) <input type="checkbox"/> Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas (4h) <input type="checkbox"/> Educación Física (2h) <input type="checkbox"/> Tutoría (1h)
ELEXIR DÚAS <input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía (3h) <input type="checkbox"/> Física e Química (3h) <input type="checkbox"/> Economía (3h) <input type="checkbox"/> Latín (3h)	ELEXIR DÚAS <input type="checkbox"/> Tecnoloxía (3h) <input type="checkbox"/> Ciencias aplicadas á actividade profesional (3h) <input type="checkbox"/> Iniciación á actividade emprendedora e empresarial (3h)

ELIXIR TRES POR ORDE DE PREFERENCIA:
<input type="checkbox"/> Educación Plástica, Visual e Audiovisual (3h) <input type="checkbox"/> Música (3h) <input type="checkbox"/> Segunda lingua Estranxeira- Francés (3h) <input type="checkbox"/> Tecnoloxías da Información e Comunicación (3h) <input type="checkbox"/> Artes escénicas e danza (3h) <input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía (3h) <input type="checkbox"/> Física e Química (3h)

- Economía (3h)
 - Latín (3h)
 - Tecnoloxía (3h)
 - Ciencias aplicadas á actividade profesional (3h)
 - Iniciación á actividade emprendedora e empresarial (3h)
 - Filosofía
- ELEXIR UNHA**
- Relixión (1h)
 - Valores éticos (1h)

REFORZO EDUCATIVO

Medida ordinaria que afecta a :

- Secuencia e organización de contidos
- Procedementos e instrumentos de avaliación.
- Organización da aula : espacios e tempos
- Agrupamento de alumnos
- Actividades de ensinanza – aprendizaxe
- Outros aspectos metodolóxicos .

Dirixido a aqueles alumnos/as que con estas modificacións poden seguir o proceso ordinario de ensino - aprendizaxe .Ten lugar dentro da aula ordinaria e o seu deseño e desenvolvemento é responsabilidade do profesor/a que imparte a área .Queda reflectido no expediente académico e non ten constancia no libro de escolaridade .É requisito previo para acceder á unha Adaptación Curricular ou a un Programa de diversificación curricular.

APOIOS POR PARTE DOS ESPECIALISTAS EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICAE AUDICIÓN E LINGUAXE NAS ETAPAS DE EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA .-

♦ CRITERIOS DE PRIORIDADE:

1º Alumnos/as con discapacidade.

2º Alumnos/as con Adaptación Curricular

3º Alumnos con dificultades de aprendizaxe nas áreas instrumentais.

4º Alumnos con dislalias

* Terán prioridade os alumnos dos cursos máis baixos de Educación Primaria.

♦ Aspectos a ter en conta:

- Como norma xeral, os/as profesores/as especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe realizarán apoios globais dentro da aula ordinaria cando exista dentro da aula un alumno ou grupo de alumnos que necesitan da súa axuda. Exclúense as intervencións do profesorado de Audición e Linguaxe que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado. Neste caso, esas intervencións só ocuparán unha fracción do período lectivo. (Art. 57.4 da Orde do 8 de Setembro de 2021)
- Só no caso de que non sexa posible atender as dificultades dos alumnos dentro da aula ordinaria realizaranse saídas puntuais á aula de apoio, sen exceder a terceira parte da xornada escolar.
- As intervencións específicas serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación en colaboración co titor do grupo ao que pertence o alumno.
- Se é necesario para a organización dos apoios, o profesor titor flexibilizará e cambiará o horario do grupo en calquera momento do curso. Calquera cambio no horario da titoría será comunicado ás profesoras de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

APOIOS POR PARTE DO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA NA ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA .-

♦ CRITERIOS DE PRIORIDADE EN CASO DE QUE O NÚMERO DE DEMANDAS SUPERE Á DISPOÑIBILIDADE DO PROFESOR.

- Alumnos con discapacidade
- Alumnos con Adaptación Curricular (de 1º a 4º de ESO sempre que os obxectivos programados na Adaptación non superen o 2º curso de ESO).
- Alumnos con grandes dificultades de aprendizaxe nas áreas de Lingua e Matemáticas.(de 1º e 2º ESO)

♦ INCLUSIÓN DE ALUMNOS

Dado que practicamente todos os alumnos que inician a Educación Secundaria proceden do noso centro, os casos de alumnos con necesidades educativas xa veñen sendo seguidos por este Departamento a etapa anterior. Isto facilita que a resposta educativa ao alumnado que inicia a Educación Secundaria Obrigatoria xa se empeza a organizar dende o curso anterior ao traslado do alumnado a Secundaria. Por outro lado, tamén contamos coa información recollida nos informes finais de etapa cubertos polo profesor titor e coa reunióna celebrar durante o mes de setembro entre o profesor titor de 6º e o de 1º de ESO onde se produce un intercambio de información acerca das características do alumnado, conduta, necesidades, familia ou calquera outro dato que se considere oportuno. Evidentemente, dos alumnos que van cursar 2º curso de ESO tamén dispoñemos de datos .

Entre xuño e setembro e con toda a información dispoñible faise unha selección do alumnado susceptible de recibir apoio educativo ou outras medidas de atención á diversidade. Estas primeiras decisións, si é necesario, poderán ser modificadas despois de realizar a avaliación inicial ou ben nalgunha reunión dos equipos docentes.

En todo caso, o profesor de área realizará unha avaliación inicial tanto aos alumnos que proceden do noso centro como aos novos. Esta terá lugar antes do 15 de outubro. Cando o profesor/a atope algún indicio de necesidades

educativas nun alumno no que non se detectaron anteriormente solicitará a súa valoración ao orientador/a. (VER MODO DE ACTUACIÓN E PROCEDIMENTO DE INCORPORACIÓN DUN ALUMNO A UN PROGRAMA DE REFORZO)

◆ CRITERIOS XERAIS PARA A ORGANIZACIÓN DOS APOIOS.

- Cando un alumno presente necesidades educativas especiais ou precise que lle traballen aspectos concretos que non é posible atender na clase, o profesor de pedagogía terapéutica atenderá a estes alumnos fóra da aula ordinaria. Segundo as necesidades os alumnos recibirán apoio específico nas áreas de: Razoamento Lóxico, Comprensión e Expresión Oral e Escrita, Ortografía, Atención, Linguaxe e Matemáticas.
- Atenderase ao alumnado de forma individual ou en grupos reducidos do mesmo nivel de competencia curricular .
- O tempo/ sesións de atención por parte do profesor especialista dependerá das necesidades de cada alumno. Acordarase entre o profesor de área e o Departamento de Orientación.
- A coordinación entre o profesor de área e o de apoio debe ser máxima en canto a materiais, actividades e avaliación do alumnado. O profesor de apoio non avalía, pero pode axudar e dar unha valiosa información sobre o alumnado ao que atende.
- O profesor de área é o responsable da materia e da avaliación da mesma. O profesor de apoio pode axudar na adaptación e selección de determinados materiais e exames.
- Os alumnos/as de 1º e 2º de ESO incluídos no Programa de Refozo están exentos de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira . A profesora de Pedagogía Terapéutica reforzará a estes alumnos nas dúas horas que terían libres por non cursar Francés. Unha hora destinaríase a Lingua Galega e outra a Lingua Castelá. Nos dous casos se traballaríase a lectura, comprensión lectora, ortografía e expresión oral e escrita.

PLAN DE REFORZO NO CASO DE PERMANENCIA DUN ANO MÁIS NUN CURSO, CICLO OU ETAPA .

Tal como aparece recollido no Decreto 155/2022 sobre o desenvolvemento do currículo na Educación Primaria, e no Decreto 156/2022 na Educación Secundaria Obrigatoria respectivamente , os alumnos que non superen a totalidade dos obxectivos programados poderán permanecer un ano máis no mesmo curso, ciclo ou etapa . Esta medida poderá adoptarse, con carácter xeral, unha soa vez ao longo da Educación Primaria e dúas veces como máximo ao longo a Educación Secundaria Obrigatoria . (Consultar criterios de promoción).

Neste caso, tal como establece a Orde do 8 de setembro de 2021, (arts. 50 e 52) contarán cun plan de reforzo educativo que lles permita superar as dificultades.

ADAPTACIÓN CURRICULAR

É unha proposta curricular específica para un alumno/a con necesidades educativas especiais . Nesta proposta introdúcense modificacións, complementacións , ampliacións ou supresións dos elementos prescritivos do currículo: obxectivos , contidos e criterios de avaliación .Pode afectar a unha, varias ou tódalas áreas .

PROGRAMAS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS:

Medida organizativa que consiste en facer desdobramentos transitorios e permite apoiar ao alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe naquelas áreas curriculares que reclaman unha atención máis individualizada .

Serán destinatarios o alumnado de 1º curso que accedese á ESO por imperativo legal , aquel que repita 1º curso, aquel que promocionase a 2º curso sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais ou aquel que repita 2º curso. Terase en conta se as materias non superadas coinciden coas asignaturas que contempla o programa de reforzo. En todo caso, a decisión de incorporar a un alumno a un programa de reforzo (VER APARTADO INCLUSIÓN DE ALUMNOS) será tomada pola xunta de avaliación, sempre e cando esta decida que a medida vai favorecer ao alumno. A decisión quedará tomada no mes de xuño, podéndose modificar ao principio do curso seguinte unha vez celebrada a avaliación extraordinaria de setembro.

Os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas estarán baseados nos

mínimos esixibles das áreas de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas para o curso que corresponda, e suporán a atención personalizada para lograr o grado de dominio suficiente expresado nos ditos mínimos.

O alumnado de 1º e 2º cursos de ESO que curse os programas de reforzo de áreas instrumentais básicas quedará exento de cursar a materia de Lingua Estranxeira, nos termos recollidos no artigo 11 da Resolución do 26 de maio de 2022, pola que se ditan instrucións para o curso 2022/23 na Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMAS DE RECUPERACIÓN (Plan de reforzo para alumnado da ESO con materias sen superar de cursos anteriores) (Orde do 8 de setembro de 2021, art. 51)

Medida que ten como destinatario o alumnado que promocióe ao curso seguinte con materias suspensas e está destinada a recuperar as aprendizaxes das ditas materias. O programa será impartido polo profesorado que non teña o seu horario lectivo completo e impartirase na tarde de lecer dos alumnos.

DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR (Decreto 156/2022, art. 22. Orde do 8 de setembro de 2021, art. 61))

Medida que consiste en adaptar globalmente o currículo da educación secundaria obrigatoria ás necesidades individuais de determinados alumnos , cunha organización distinta á establecida con carácter xeral , que atenderá ás capacidades xerais recollidas nos obxectivos da etapa e aos contidos esenciais do conxunto das áreas . O fin de todo isto é que o alumnado que participe nestes programas poida alcanzar os obxectivos xerais a E.S.O. e obter así o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria .

Destinatarios: Alumnos con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, que xa recibiran outras medidas de atención á diversidade e que estas non resultaran suficientes para recuperar as súas dificultades. Deben existir expectativas razoables de que coa incorporación do alumno a este programa , este vai acadar os obxectivos da etapa e obter o título de graduado en educación secundaria. O alumnado debe encontrarse nalgunha destas situacións:

a) Ter cursado o segundo curso da educación secundaria obrigatoria, non estar en condicións de acadar a promoción a terceiro e ter repetido unha vez na educación

básica.

b) Ter cursado o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción ao curso seguinte.

c) Ter repetido o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non superalo.

d) Ter cursado o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e non superalo, tendo repetido unha vez na etapa.

Duración: Dous cursos, ou excepcionalmente un curso (apartados c) e d))

Agrupamento: Mínimo de 5 e máximo de 10 alumnos. Terán un grupo de referencia co que cursará determinadas materias do currículo común.

Procedemento para a proposta de incorporación ao programa:

- Durante a 3º avaliación o equipo de profesores fai unha proposta razoada dos alumnos que deberían incluírse no Programa. Esta queda expresada mediante un informe individualizado que elabora o titor/a e posteriormente remite ao Departamento de Orientación.
- A xefatura do departamento de orientación realizará un informe que incluirá: as conclusións da avaliación psicopedagóxica e a constancia por escrito da opinión dos pais e dos alumnos sobre a incorporación do alumno/a ao Programa.
- Reunión entre a xefatura de estudos, a orientadora e os titores implicados para, en función dos informes emitidos, decidir a incorporación dun alumno ao programa.
- Envío da proposta ao servizo provincial de inspección educativa para a súa autorización.
- Este procedemento deberá estar terminado antes do 5 de setembro.

MODO DE ACTUACIÓN E PROCEDIMENTO DE INCORPORACIÓN DUN ALUMNO A UN PROGRAMA DE REFORZO OU BEN DECISIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA ADAPTACIÓN CURRICULAR .

Os pasos a seguir serán os que a continuación se indican :

- Detección por parte do profesorado da existencia dun problema , dificultade

ou necesidade nun alumno/a .

- Cumplimentación da folla de derivación (anexo 1) .
- Entrega da folla de derivación ao orientador/a para solicitar a valoración do alumno/a. Esta proposta poderase facer en calquera momento do curso académico e será realizada polo profesor titor ou por calquera profesor que detecte un problema .
- Autorización dos pais: o titor informará aos pais das dificultades detectadas e solicitará a autorización, mediante firma para a exploración psicopedagóxica.
- O orientador/a , xunto co profesor titor, valorará as necesidades educativas do alumno/a. Posteriormente, en caso de ser necesario, comunicárase a decisión de integrar ao alumno/a nun grupo de apoio aos pais ou titores legais e á xefatura de estudos do centro.
- Unha vez dada a conformidade , o Orientador/a e o profesorado de apoio xunto co profesorado implicado establecerán as estratexias máis eficaces que se deberán aplicar .

Cando se trate de alumnos con necesidades educativas especiais , cun nivel de competencia curricular moi por debaixo ou moi por encima da súa idade cronolóxica e que aínda que estiveron incluídos nun programa de reforzo educativo os seus problemas ou dificultades seguen persistindo será necesario determinar a necesidade de elaborar unha adaptación curricular , daranse os seguintes pasos :

- Elaboración da Avaliación Psicopedagóxica do alumno segundo a Orde do 8 de setembro de 2021. Esta é realizada polo Departamento de Orientación en colaboración co equipo de profesores.
- Realización dunha reunión coordinada polo xefe de estudos á que asistirán o titor , os profesores que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidírase a pertinencia da adaptación curricular , así como aqueles elementos do currículo que , se é o caso, deberán ser modificados.
- Elaborarase a adaptación do currículo de referencia nas áreas ou materias acordadas. O seu deseño e desenvolvemento é responsabilidade do profesorado

que imparte a área ou materia, coa colaboración dos departamentos didácticos, co asesoramento do departamento de orientación do centro e , cando sexa necesario , do equipo de orientación específico ou de calquera outro profesional que participe na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais .

Os pais ou titores legais do alumno recibirán información pertinente sobre a mesma .

- Correspóndelle á inspección educativa a aprobación desta medida extraordinaria de atención á diversidade , á vista da proposta de adaptación curricular enviada polo director/a do centro no que o alumno/a está escolarizado.

ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA A UN CENTRO EDUCATIVO.

Cando no noso colexio exista algún alumno que por prescripción facultativa non poida asistir de xeito habitual ao centro educativo, o profesorado que lle imparte clase, coa finalidade de darlle continuidade ao seu proceso formativo, adoptará, dentro do posible, medidas para dar resposta ás necesidades deste alumno/a. A intervención realizarase previa instancia dos pais do alumno/a e para que a coordinación sexa máis fluída procurarase o uso das novas tecnoloxías das que dispoñemos.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

6.1. O equipo directivo:

- Valorar as necesidades educativas do centro para propoñer, xunto co Departamento de Orientación , a atención ao alumnado.
- Detectar necesidades de formación do profesorado.
- Detectar necesidades de recursos persoais e materiais.
- Coordinarse co Departamento de Orientación.
- Velar polo cumprimento do Plan, a súa avaliación e revisión anual.
- Dende as Xefaturas de Estudos, en coordinación do Departamento de Orientación, realizar os horarios de apoios no centro, calendario de reunións de

avaliación , reunións de profesores de apoio e tutores/ profesores de área.

- Impulsar as reunións de coordinación interciclos e interetapas.

6.2. Comisión de coordinación pedagóxica:

- Detectar necesidades e dar directrices en consecuencia para a posterior elaboración do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

6.3. Claustro

- Discusión do PAD elaborado polo Departamento de Orientación.

6.4. Consello Escolar

- Aprobación do Plan Xeral de Atención á Diversidade

6.5. Equipos de ciclo e Departamentos didácticos. Profesorado.

- Elaboración da propia programación de área ou materia.
- Detectar as necesidades existentes no alumnado e aplicar as medidas ordinarias axeitadas.

6.6. Profesoras de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

- Atender directamente aos alumnos que se determine en función das súas necesidades.
- Colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das posibles adaptacións curriculares así como das medidas de reforzo e no seguimento e avaliación das mesmas.
- Asistir ás reunións que se determinen, así como ás de avaliación para aportar información en relación aos alumnos cos que traballan directamente.
- Colaborar co profesor titor na elaboración de material adaptado ás necesidades do alumno.
- Coordinarse co Departamento de Orientación.

- O especialista en Audición e Linguaxe colaborará en Educación Infantil para fomentar a estimulación da linguaxe oral de carácter preventivo en función das posibilidades e unha vez atendidos os casos que sexan do seu ámbito.
- Colaborar co profesor- titor na relación coas familias.

6.7. Departamento de Orientación.

- Realizar a avaliación psicopedagóxica, en función das demandas recibidas e tras esgotar as medidas ordinarias de atención á diversidade.
- Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
- Efectuar a orientación sobre a modalidade de escolarización oportuna e os recursos persoais e materiais necesarios.
- Coordinar a atención do alumnado con necesidades educativas especiais
- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación dos alumnos, tanto do propio centro como dos centros adscritos.
- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou aprendizaxe.
- Asesorar e apoiar ao profesorado nas sesións de avaliación.
